

DECRETO NÚMERO \$

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 3/2020).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de **22.074.334,18 euros** dentro do vixente orzamento desta Corporación.

Visto o informe de Intervención de data 17/3/2020 Ref 2020/118, emitido en contestación á Providencia da Excma. Sra. Alcaldesa desa mesma data.

Considerando o disposto nos artigos 182 do TRLFL, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990 así como o artigo 127 da LBRL, as Bases de execución do mencionado Orzamento, e o informe de Intervención.

Considerando o Decreto número 1799/2020 de data 17/3/2020 de aprobación da liquidación da execución orzamentaria do Concello de Lugo en base ó contido dos informes da Intervención Xeral Refs 2020/107 e 20120/108, de datas 12/3/2020, onde se cuantifican as magnitudes de natureza orzamentaria e financeira, ademáis de conter o estado de desviacións de financiamento derivado dos Proxectos de Gasto con Financiamento Afectado.

Considerando que o financiamento de dita modificación ven determinado pola existencia de recursos financeiros suficientes derivado da aplicación parcial do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, así como polos compromisos firmes de aportación e os excesos de financiamento derivado dos estados das desviacións de gastos con financiamento afectado.

Veño a resolver: aprobar o presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe de **22.074.334,18 euros**, en base á consideración de remanente de crédito incorporable, coas seguintes consideracións:

Importe: 22.074.334,18 euros.

Financiamento:

- ☐ **Financiamento Afectado:** *Compromisos firmes de aportación e excesos de financiamento afectado (desviacións de financiamento positivas, acumuladas e por conceptos).*
- 1. *Excesos de financiamento afectado (estados de gastos de financiamento afectado derivados da liquidación do exercicio 2019 e*

INTERVENCIÓN

MVF/ccg

Refª: ispac5653427796017086900.doc

Asunto: Decreto aprobación IRC 2/2019

que se aplican no presente expediente): 2.192.716,12 €

2. *Compromisos firmes de aportación:* 4.549.426,56 €

☐ **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais**

1. *Aplicación resto IRC con cargo a RTGX:* 15.332.191,50 €

Observacións :

-A efectiva executividade dos compromisos formais de aportación que aportan o financiamento dos créditos incorporados, verificáanse polos servizos correspondentes sendo así que a súa efectiva execución e realización quedan condicionados ó mantemento dos anteditos compromisos

-Decreto Núm 1799/20202 do 25/3/2020 de aprobación da Liquidación do exercicio 2018: Cuantificación do RTGX,

| COMPONENTES | IMPORTES € ANO 2019 | |
|---|------------------------|-----------------------|
| 1. (+) Fondos líquidos | | 40.670.374,60 |
| 2. (+) Dereitos pendentes de cobro | | 40.236.603,11 |
| - (+) do Orzamento corrente | 13.943.768,99 | |
| - (+) de Orzamentos pechados | 21.837.022,72 | |
| - (+) de operacións non orzamentarias | 4.455.811,40 | |
| 3. (-) Obrigas pendentes de pago | | (7.421.740,70) |
| - (+) do Orzamento corrente | 1.664.182,81 | |
| - (+) de Orzamentos Pechados | 40.102,78 | |
| - (+) de operacións non orzamentarias | 5.717.455,11 | |
| 4. Partidas pendentes de aplicación | | 1.407.242,83 |
| (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | (730.191,32) | |
| (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva | 2.137.434,15 | |
| I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4) | | 74.892.479,84 |
| II. Saldos de dubidoso cobro (*) | | (20.790.910,34) |
| III. Exceso de financiamento afectado (**) | | (2.208.147,66) |
| IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III) | | 51.893.421,84 |
| V. Afectación RTGX IFS Art 32 (***) | | (0,00) |
| VI. Acreedores dev ingreso (Axuste Ministerio Plataforma). Saldo Cuenta 418 | | (297.632,4) |
| VII. Remanente de tesourería para gastos xerais dispoñible (I-II-III)- V-VI_-VII (***) | | 51.595.789,44 |

-Estado resumo de financiamento dos créditos propostos para a IRC


| ESTADO DE FINANCIAMIENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN CRÉDITOS IRC 3/2020 | |
|--|--|
| ESTADO GASTOS | |

INTERVENCIÓN

MVF/ccg

Refª: ispac5653427796017086900.doc

Asunto: Decreto aprobación IRC 2/2019



Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade da Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.

A Excma. Sra. Alcaldesa

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)